# Programación Musicoloxía.

***CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA DE CORUÑA.***

**PROGRAMACION DE**

# ITINERARIO DE FUNDAMENTOS DE MUSICOLOXIA

***Curso 6°- Grao Profesional***

**CURSO 2023-2024**

# Índice

1. **Introduci6n** .................................... 3
2. **Metodoloxfa** .................................... 7
3. **Atención a diversidade** .................................... 9
4. **Ternas transversais** .................................... 11
5. **Actividades culturais e de promoci6n das ensinanzas** .................................... 15.
6. **Secuenciaci6n do curso: 6° Grao Profesional** .................................... 16
7. **Procedementos de avaliación e seguimento da programaci6n didactica** .................................... 31
8. **Procedementos para realizar a avaliaci6n interna do departamento** .................................... 33
9. **ANEXOS** .................................... 34

# 1. Introdución

Materia: **Fundamentos de Musicoloxia**

Curso: **6°**

Grao: **Profesional**

Profesora: **María Uxía Pérez Astray**

Horas lectivas: **1 hora semanal**

Base legal: adscrita ao currfculo oficial galego, no Decreto 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece o currfculo das ensinanzas profesionais de rexime especial de musica.

Descritor: cofiecemento e uso da metodoloxfa basica para a investigaci6n musical, dende un punto de vista te6rico e practico.

0 itinerario formativo de Fundamentos de Musicoloxfa pretende ofrecerlle ao alumnado unha serie de aspectos xerais para afirmar os cofiecementos basicos da metodoloxfa da investigación musicolóxica. Na actualidade, a aplicación dos metodos cientfficos de investigación a todas as disciplinas suscita grande interese pola comunidade educativa, incluida a que se dedica ao ambito da musica.

A investigación musicolóxica ven experimentando no noso país e dende as duas ultimas decadas un enorme pulo, especialmente dende a sua implantación coma especialidade nos Conservatorios Superiores de Musica e coma titulación -actualmente de Grao, estruturado en catro anos, dende o Tratado de Solana- nas universidades espafiolas dende hai un par de decadas, co títuulo de Historia e Ciencias da Musica.

Coa optativa do ltinerario de Fundamentos de Musicoloxía pretendese abordar de

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*O FSE inviste no teu futuro*

0 itinerario formativo de Fundamentos de Musicoloxfa pretende ofrecerlle ao alumnado unha serie de aspectos xerais para afirmar os cofiecementos basicos da metodoloxfa da investigaci6n musicol6xica. Na actualidade, a aplicaci6n dos metodos cientfficos de investigaci6n a todas as disciplinas suscita grande interese pola comunidade educativa, incluida a que se dedica ao ambito da musica.

A investigaci6n musicol6xica ven experimentando no noso pafs e dende as duas ultimas decadas un enorme pulo, especialmente dende a sua implantaci6n coma especialidade nos Conservatorios Superiores de Musica e coma titulaci6n -actualmente de Grao, estruturado en catro anos, dende o Tratado de Solana- nas universidades espafiolas dende hai un par de decadas, co tftulo de Historia e Ciencias da Musica.

Coa optativa do ltinerario de Fundamentos de Musicoloxfa pretendese abordar de xeito xeral os contidos destes estudos dentro do ensino especializado do grao profesional, ben coma antesala dos estudos universitarios de Historia e Ciencias da Musica ou da especialidade de Musicoloxia, propia dos conservatorios superiores; ben coma preparación complementaria para abordar o estudo da carreira de musico profesional en calquera especialidade instrumental. Tamen e interesante para o alumnado que pretenda cursar as materias de instrumentos da musica tradicional e popular galega, debido ao tratamento de contidos introdutorios relativos a etnomusicoloxia. Ademais, considerando o seu enfoque analitico e investigador, e apropiada para calquera estudante de musica que considere de interese o estudo da musica dende as suas facetas cientifica e humanistica, xa que obtera ferramentas e metodos que lie poden facilitar a sua carreira musical futura.

Por medio desta materia, o estudante de musica pode coñecer mellor as posibilidades de futuro que se lie abren ao estudar no conservatorio ou na universidade. 0 ambito ao que se ven dedicando tradicionalmente o musicólogo e ao da investigación, ben institucional ou ben independente. Actualmente as instituci6ns que mais avalan os proxectos de investigaci6n musicolóxicos son as universidades e certas fundacións culturais.

A ensinanza e outra das saidas profesionais que mais exito obtivo nos ultimas vinte anos. Pódese impartir ensinanza curricular a varios niveis (xeral, media, superior e especializada) ou tamen extracurricular (iniciación infantil, para adultos e para ancians). 0 marco no que se desenvolven as ensinanzas curriculares esta adscrito aos colexios, institutos, conservatorios (profesionais e superiores) e universidades.

Un musicólogo tamen pode ter unha saida profesional no traballo editorial. Pode coordinar e dirixir a realización de revistas, periódicos ou boletins en papel ou on-line. Tamen pode realizar a tradución de artigos e libros especializados, asi coma adicarse a crftica musical en prensa xeral ou en revistas especializadas. As notas ao programa de concertos ou de gravaci6ns tamen poden ser elaboradas polos musicólogos.

Un grupo de musicólogos con formación complementaria de biblioteconomia e arquivistica, poden dedicarse a documentación. En moitas ocasións hai centros oficiais que contan con documentación inxente sabre musica, polo que e preciso organizar, catalogar e dixitalizar tales documentos, para facilitar o traballo dos musicólogos investigadores.

0 mundo do audiovisual ofrece outra saida profesional ao musicólogo, podendo actuar coma asesor e produtor sonoro e musical para television, radio, cine, teatro, museos, exposici6ns especificas, e incluso para a publicidade.

Nos ultimas anos e bastante frecuente a realizaci6n de festivais musicais, polo que a xesti6n e promoci6n deles pode ser outra rama laboral. P6dense organizar festivais, tempadas ou ciclos de concertos; xestionar grupos ou orquestras; produci6n de espectaculos e proxectos artisticos; xestionar instituci6ns de divulgaci6n e difusi6n musical; crear e xestionar ofertas e infraestruturas de turismo musical coma casas natais de importantes musicos, casas-museos tematico, rutas turfsticas vinculadas a musica, etc...

Nos ultimas anos o crecente interese pola musica par parte do publico amateur facilita a saida de material didactico especffico. Os musicólogos poden desenvolver dito material realizando libros, cd-rooms, dvds, paxinas web, etc. Tamen o musicólogo con coñecementos informaticos

pode desenvolver software especializado para a creaci6n musical asistida par ordenador ou para a investigaci6n musical.

0 musicólogo tamen posue os conecementos e ferramentas para se adicar a animación socio-cultural. Pódense programar, xestionar e realizar actividades musicais en centros recreativos e de ocio en residencias de ancians, en hospitais infantis ou centros de rehabilitaci6n. Asimesmo, se poden programar actividades especificas para centros de axuda gobernamental coma carceres ou reformatorios.

Ante todo o exposto queda claro que as safdas profesionais do musicólogo son moi variadas e completas e cada vez abren mais os seus campos de actuaci6n: dende o deseño, produción e venta de fios musicais para empresas, traballos de transcrición e arranxos, localización de discos, gravacións, documentos musicais; e en definitiva, servizos de asesoramento musical variados.

A ensinanza da musicoloxía no grao profesional debe ter como obxectivos xerais contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Adquirir o habito de escoitar musica, tanto en soportes gravados como a traves da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesandose por ampliar e diversificar as suas preferencias persoais.
b) Coñecer e comprender a musica de cada epoca, tendo en conta as relaci6ns cos conceptos esteticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convenci6ns interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crftico.
c) Valorar a importancia da musica nas sociedades humanas, a traves do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a musica e o resto das artes, asf como dos feitos históricos e os movementos socioculturais mais salientables de cada epoca, con vistas a obter unha vision mais global do fenómeno musical.
d) Reflexionar sabre o fenómeno sonoro como un aspecto mais da conduta humana, intimamente conectado co proceso hist6rico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

0 itinerario de musicoloxía dos estudos profesionais de música tera como obxectivo especffico contribufr a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Proporcionar unha aproximaci6n a musicoloxfa, a traves do conecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxia, con vistas a incidir na apreciaci6n musical desde un punto de vista cientffico.
b) Introducirse na investigación musicolóxica mediante as tecnicas de traballo e o emprego das ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as suas propias investigacións.
c) Combinar, de forma autónoma e con sentido crftico, os medias ao seu alcance para ampliar e completar a sua formacion, relacionando os seus conecementos musicais con datos doutra indole (tecnicos, cientificos, sociais, historicos, etc.) adquiridos de forma autonoma (lecturas, investigacions, etc.), noutras materias ou ben a traves da sua experiencia cotia.
d) Coñecer os mecanismos prácticos para a realización de traballos de investigación e traballos editoriais.
e) Establecer uns criterios minimos a hara de estudar as manifestacions musicais do contorno e valoralas, asumindo un rol activo na sua investigacion, na sua recollida e na sua transmision.

## 2. Metodoloxia

Conceptos coma aprender facendo, educacion personalizada, aprendizaxe social, aprendizaxe par proxectos ou par tarefas xa foron formulados par pedagogos tan conecidos coma Dewey, Montessori, Vygotsky, Freinet, Freire, Decroly ou Piaget, entre outros. Moitos destes pedagogos xa nos deixaban claro que o alumnado ten que ser o protagonista da sua propia aprendizaxe para que o tempo empregado e os esforzos esgrimidos tenan unha autentica lexitimidade. Nese senso a loita construtivista de partir

dos conecementos conceptuais e experiencias previas do alumnado para que construa os seus propios conecementos require dunha pasta a punto doutras ideas coma a reflexion critica, as pontes cognitivas, os esquemas conceptuais, os mapas, a diferenciacion progresiva, os conceptos inclusores, a memorizacion comprensiva e a integracion de contidos. Deste xeito, esta corrente asume que o conecemento e unha construcion mental, resultado da actividade cognitiva do suxeito que aprende, polo que queda implicita unha ontoloxia relativista e mesmo subxectiva, na lina das visions posmodernas.

A metodoloxia que se aplicara sera, par tanto, activa -o propio alumnado é o

protagonista da sua aprendizaxe, sendo o persoal docente un guia ou orientador-; e individualizada, xa que se adaptara a cada alumna e alumna no seu ritmo de aprendizaxe. As dificultades deben estar dosificadas axeitadamente para manter a ilusi6n e o animo de aprender do alumnado, polo que a metodoloxfa tamen debe ser progresiva. En xeral, procuraremos facer efectivos os seguintes puntos:

- Utilización dun vocabulario claro e conciso.
- Exemplificación de cada un dos conceptos que se pretenda explicar co fin de darlle a materia un enfoque practico e utilitario.
- Realización frecuente de audicións comentadas, asf coma de analise de partituras musicais de cada perfodo e estilo.
- Contextualizacinó de todas as manifestacións musicais inclufdas no programa dentro duns parametros culturais precisos e fundamentais para entender a historia da cultura musical.
- Incitación a participación activa do alumnado para fomentar non só a aprendizaxe deste, senón tamen a sua autonomía.
- Realización diaria de esquemas e sistemas visuais de asimilación de conceptos, empregando para iso soportes informaticos diversos, coma as presentaci6ns Power Point ou a visualizaci6n de DVDs.

- Estreito seguimento do alumnado, comentando cos demais profesores as suas actitudes e avances.
- Incitación a reflexion sabre os conceptos musicais relacionados con cada perfodo histórico abordado.
- Realización de lecturas frecuentes e de comentarios de textos.
- Fomentar o dialogo, autocrftica e unha actitude encamiñada cara a un posterior desenvolvemento persoal e musical.
- Seguimento dos contidos e do avance individual a traves de ferramentas dixitais de apoio a non presencialidade ou semipresencialidade.

## 3. Atención á diversidade

0 Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atenci6n a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei organica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establece que a diversidade e unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educative, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumna, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribua ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a sua preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democratica.

Debido a que dentro dos centros de Ensinanzas de Rexime Especial non se contempla a figura do Orientador, corresponde ao profesorado recoller, analizar e valorar a información do alumnado, do contexto familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe, para identificar as suas necesidades educativas e adoptar as decisions que se consideren oportunas canto antes sexa posible. Para iso o Conservatorio Profesional de Musica de Coruña dispón do Plan de Xeral de Atención a Diversidade no que se especffica tanto o protocolo de centro como as medidas ordinarias

e extraordinarias que se han de tomar, de ser o caso, para alumnado que presente, solicite e xustifique a necesidade de adaptación.

As necesidades especfficas e apoio educativo engloban alumnado con necesidades educativas especiais (discapacidade física, discapacidade auditiva, discapacidade visual, trastornos de personalidade ou desenvolvemento e trastornos da conduta), alumnado con altas capacidades musicais e alumnado con necesidades de compensación educativa, tal e coma se contempla no punto 4.1. do amentado plan. Par toda esta heteroxeneidade, as estratexias de actuación variaran respecto a cada caso particular, seguindo as pautas marcadas polos servizos de orientaci6n e inspecci6n educativa. No plan prevense as seguintes acci6ns nos puntos 4.2. e 4.3:

- Medidas ordinarias: organizativas, adecuación das programacións didacticas, reforzo educativo, enriquecemento curricular, acción titorial ou programas especfficos personalizados.

Medidas extraordinarias: adaptacións curriculares significativas, apoio especializado ou outras medidas extraordinarias.

En calquera caso, desde a aula de Historia da Musica procurarase tratar cada caso do xei- to mais individualizado a traves dunha conexión directa co profesor/a titor/a e par media de accións de adaptaci6n que incluan:

- Adecuación do programa da materia a traves de actividades desefiadas especi- ficamente para cada caso.
- Reforzo do horario lectivo do alumnado por medio de titorías individualizadas.
- Oferta de esquemas alternativos dos contidos e dos textos que se propoñen pa- ra ser lidos na clase, adaptados ao grao de deficit ou superdotación de cada alumno ou alumna.
- Uso de procedementos de avaliación especfficos adaptados as necesidades especiais en cada caso.

# - 4. Temas transversais

## - 4.1. Educación en valores

0 alto indice de contidos a impartir na materia de Historia da Musica demanda a aplicación de métodos e tecnicas planificadas e eficaces que permitan ao alumnado non só adquirir os conecementos precisos sabre os diferentes estilos musicais e os seus compositores, senón aprehender aquelas ferramentas que permitan unha aplicación practica destes conecementos nos seus respectivos instrumentos e na sua vida diaria.

A peculiaridade desta materia esta en ofrecer un conxunto órganico de sesións que acheguen por medio de aspectos eminentemente practicos aqueles parametros teóricos que todo musico debe ter no seu haber. Pero o conecemento sabre a musica pode servir de plataforma para ensinar ao noso alumnado valores esenciais que poden aplicar a sua vida cotia. Este valores xorden de aspectos conceptuais, procedimentais e actitudinais presentes na aula.

No tocante ao aspectos conceptuais e interesante afondar en cuesti6ns de comportamento civico a raíz do estudo do periplo vital de cada compositor ou musico estudado. 0 esforzo individual, a superación personal, o valor do traballo constante e a capacidade de rexeneración de moitos dos compositores e interpretes estudados poden servir de gufa para o noso alumnado. Do mesmo xeito, apostarase par eludir tópicos de xenero asociados a musicoloxia tradicional, procurando levar a aula o maior numero de aportacións femininas posibles.

No terreo dos aspectos procedimentais e destacable a pasta de valor do traballo en equipo, xa que moitas das actividades desenadas e levadas a cabo na aula, fomentan este tipo de xestión. O valor do dialogo, a predisposición a escoita dos demais, a capacidade de empatfa co outro, o respecto cara as opinions diferentes ou a

potenciación da axuda aos demais son alguns dos valores que sustentan o traballo desenvolvido na aula. Así mesmo, téntase ao alumnado a que se ofreza de voluntario para compartir a sua capacidade de facer musica fora do conservatorio, especialmente en colectivos desfavorecidos, xa que e unha practica enriquecedora a nivel musical e persoal. Tamen se aboga por participar de forma activa da vida do centro, con fin de interrelacionarse de xeito mais activo co entorno.

No ambito actitudinal non se toleraran comportamentos raciais, sexistas, homófobos ou pouco respectuosos cos demais. Neste senso a prohibici6n totalitaria non actua como unha ferramenta infalible, polo que se abogara polo emprego de tecnicas colaborativas nas que sexa o propio colectivo da aula o que evidencie a incomodidade e incoveniencia suscitada por ditos comportamentos.

## 4.2. Tratamento das tecnoloxias da información e da comunicación (TIC's)

A docencia musical vense enfrontando nos ultimas decenios a importantes retos propiciados polos rapidos cambios tecnolóxicos, sociais, polfticos e económicos que marcan a sociedade contemporanea, na que novas e vellas ideas educativas conviven e pugnan por guiar a ensinanza neste intre de continua mudanza. A conciencia de aplicación das TIC's en España ven cribada por proxectos como Escuela 2.0, Agrega ou, aquí en Galicia, Abalar, que teñen cargado as tintas na adquisición de aparellos e tecnoloxías como os taboleiros dixitais, WIFI, tablets, mesas interactivas ou pupitres dixitais, que en moitas ocasións son bastante escasos nos nosos conservatorios, o que dificulta o seu uso regular. Ademais dos aparellos tamen se vefien organizando os recurses dixitais no que se denominan as Web 2.0, así coma en biogs, redes sociais e outros espazos de contido dixital pedagóxico. Unha correcta adaptación da materia ao alumnado do seculo XXI pasa por revisar cuestións relacionadas cos contidos, as metodoloxfas e o proceso de avaliación. Os contidos a impartir na materia vefien marcados polo currículo, mais mantendo certa flexibilidade. Empregando aulas virtuais, biogs ou wikis podemos instar a que o alumnado

sexa o creador dos seus propios contidos dixitais e multimedia relacionados coa materia, fomentando asf a creatividade e a capacidade crftica e contribufndo a deixar unha porta aberta aos seus propios intereses con respecto a estilos musicais ou compositores.

Non cabe dubida de que na nosa cultura o poder do visual e do auditivo gana terreo fronte ao oral, de af que no caso da nosa materia o emprego de material audiovisual e dobremente fundamental, xa que un dos principais obxectivos e o de achegarse sensorialmente aos diversos estilos musicais. Ante a falta de concertos diarios en directo a carta podemos realizar este achegamento a traves de discos, CDs e outro tipo de soportes de audio (MP3, MP4), asf coma de bibliotecas musicais virtuais coma *Spotify, Deezer, Grooveshark, Jamendo* ou *Last.fm.* 0 uso de vfdeos tamen constitue unha ferramenta indispensable, non s6 a traves da visualizaci6n de concertos e operas, sen6n tamen par media de pelfculas que contribuan a situar ao alumnado nun contexto musical concreto. Hai unha variedade de filmes que nos trasladan aos diferentes momentos da nosa historia musical, moitos deles disponibles na rede.

As ferramentas dixitais en clave pedagóxica serán aquelas redes, terminais e servizos tecnolóxicos que serven para realizar un proceso cuns fins educativos. En termos tecnolóxicos podemos clasificalas en tres grupos diferenciados: as de acceso a información, as de creación e edición de información e as que facilitan a relación cos outros. No primeiro grupo insírense aquelas ferramentas dixitais que ofrecen información e serven de plataformas de publicación *(biogs, wikis),* bases de datos de audio *(iTunes, podcasts),* vfdeo *(YouTube, Vimeo, Blip),* multimedia *(Slideshare),* lectores de RSS *(Google Reader, RSSwol),* sitios de novas, portais de información específica, etc. Para a materia de Musicoloxía son de especial interese as paxinas de centros de documentaci6n, museos de musica, fontes musicais internacionais, de partituras musicais gratuftas ou revistas electr6nicas.

As ferramentas para a creación e edición de información son verdadeiramente variadas, abranguendo desde wikis de participación colectiva a suites ofimaticas de escritorio *(OpenOffice)* e de rede (*GDocs, Zoho,* eyeOS), pasando por ferramentas de mapas mentais *(CMapTools, Mindomo, Gliffy),* ferramentas de edición e difusión de partituras *(Musescore,*

*Noteflight, lmslp),* de audio *(Audacity),* de creación de acompañamentos ritmicos *(Hydrogen),* melódicos *(Band in* a *Box)* ou de inserción de son *(Adobe Flash, Action Script* 2.0), de interpretación musical *(Smart Music),* de video, de difusión podcast *(Poderato, lvoox),* de creación de presentacións *(Open Office Impress, Slideshare, Prezi),* de creaci6n de webquest *(Phpebquest, Webquest),* de cronogramas e calquera outro tipo de software capaz de xestionar e editar información.

Ppr ultimo, e moi en voga nos ultimas tempos, atópanse as ferramentas que facilitan a relación cos outros, coñecidas comunmente coma "redes sociais", que permiten unha relación ubicua, podendo establecerse espazos selectivos de aprendizaxe, que poden implicar unha reciprocidade voluntaria. As redes poden ser de tres tipos, dependendo do seu propósito: as que permiten unha relación a traves de obxectos de información coma textos, videos, fotografias ou presentacións *(YouTube, Flickr, Slideshare);* as que se basean no concepto de compartir sitios, experiencias e mesmo recursos para aprender *(Friendfeed, Delicious, Diigo, Twitter);* e aquelas que serven para establecer interaccións comunicativas entre as persoas *(Facebook, Hi5, Xing, Linkedln).*

A rede pode entenderse coma unha biblioteca universal xigante, facilitando que cada educador poida dispoñer na sua aula dese amplo coñecemento. 0 uso da rede non e só un recurso unidireccional, senón que permite un amplo intercambio de información, convertendose nun recurso de autentica interacción. Na aula xa non só podemos acceder a información, senón que tamen a podemos xerar sen custo económico algun, polo que se facilita a elaboración e publicación de obxectos e contidos dixitais, que poden gozar de

licencias *Copyleft* ou *Creative Commons.* Mais tralas vantaxes do uso de Internet coma fonte de recursos pedagóxicos acéchanse certos perigos que é preciso comprender para xestionar.

0 exceso de información e a dubidosa fiabilidade de certas achegas implica a existencia de riscos coma a intoxicación informativa, sendo necesario filtrar, e a falta de veracidade

ocasional, o que xera a necesidade de curación de contidos, que o docente ten que asumir en primeira persoa.

Hoxe temos a nosa disposición a posibilidade de empregar novas ferramentas que faciliten a educación de cidadans con competencias propias do seculo XXI. O alumnado pode grazas as novas competencias dixitais, en combinación cos métodos mais tradicionais, converterse en creadores de contidos en linguaxes e formatos dixitais. Nesta lifia e moi efectiva a creación dun blog para a aula (con *Blogger, Google Sites* ou ***Wix),*** realizado para o alumnado, no que se poidan colgar traballos, pequenas resefias, así coma alguns materiais teóricos especfficos sabre a materia, coma comentarios de audición, que estarían a disposición publica. Tratarase de promover un traballo colaborativo de caracter creativo *(creative knowledge),* que cubrise os obxectivos da educación nos niveis cognitivo, afectivo e psicomotor, seguindo a taxonomfa de Bloom.

Ademais a situación derivada da pandemia do COVID-19 demanda un uso intensivo das ferramentas dixitais para un mellor seguimento da adquisición de contidos e da evolución na asimilación dos mesmos. Para iso estara operativa a plataforma Centros.Net, ademais da aula virtual específica da materia, creada *ad hoc* en *Google Classroom* a traves da conta corporativa do CMUS Profesional de Ourense en *Google Suite* para educación.

As TIC's son ferramentas sumamente utiles, mais non só con elas se pode ofrecer unha ensinanza de calidade, e preciso ir un paso par mais aló. Tai e coma afirmaba xa o pedagogo e filósofo norteamericano John Dewey a comezos do seculo XX: "se educamos hoxe igual ca onte, roubamoslles aos nosos alumnos o seu mafia".

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Goa pretension de abrir a musica teórica ao mundo real, teñense deseñado ao abeiro deste departamento varias propostas que dinamizan a vida cultural do centro educativo.

A miudo programanse no centro un elevado numero de concertos e actividades musicais, polo que se contempla a posibilidade de asistir as propostas de maior interese para o alumnado, dada a sua idade e curso de grao profesional no que se atopen. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan nas nosas programacións, así coma a vivencia da musica dun xeito directo. Non obstante, este curso academico habera que permanecer a espera de que as circunstancias sanitarias permitan a realización de tales eventos.

# 6. Secuenciaci6n do curso: 6° Grao Profesional

## 6.1. Obxectivos

| **1° trimestre** |
|---|
| Definir, empregando un lexico apropiado, as particularidades metodol6xicas de cada corrente e autor tratado, as caracterfsticas basicas de cada musica estudada, asf como dos conceptos basicos da musicoloxfa, e refe-rirse a elas de forma correcta. |
| Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as caracterfsticas fundamentais propias da materia a traves da historia da musicoloxfa, establecendo a relaci6n co metodo cientffico aplicado a investigaci6n musical xerado nesta disciplina. |
| Realizar un traballo sobre algun aspecto tratado na materia, empregando os recursos disponibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convenci6ns de presentaci6n do material establecidas. |
| Formular as hip6tesis, obxectivos e estado da cuesti6n dun tema de investigaci6n inedito de libre elecci6n. |
| **2° trimestre** |

| |
|---|
| Identificar o papel desempenado pola musica de forma cotia, valorando a sua contribuci6n a entidade cultural, asf como a sua propia formaci6n e benestar persoal. |
| Identificar e conecer os diferentes tipos de fontes de informaci6n que contribuen ao conecemento da musica na comunidade cientffica. |
| Realizar un traballo sobre algun aspecto tratado na materia, empregando os recursos disponibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convenci6ns de presentaci6n do material establecidas. |
| Organizar as materiais bibliograficos e as fontes empregadas para realizar un traballo de investigaci6n inedito. |
| Planificar a realizaci6n e redacci6n dun traballo de investigaci6n inedito. |
| **3° trimestre** |
| Reflexionar sabre o desenvolvemento evidente e acelerado nos consumos de musica que sedan na socieda- de actual, incidindo nos aspectos sociais mais relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e media prazo. |
| Reconecer o papel desempenado pola musica galega, tanto ao longo da historia da musica coma noutros am- bitos, establecendo relaci6ns entre a musica coma cultura e as diferentes manifestaci6ns literarias, artfsticas, sociol6xicas, etnol6xicas e antropol6xicas de forma sinxela. |
| Realizar un traballo sabre algun aspecto tratado na materia, empregando as recursos disponibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convenci6ns de presentaci6n do material establecidas. |
| Entregar un traballo de investigaci6n inedito, seguindo as pautas marcadas mais arriba: introduci6n, corpus do traballo en capftulos, conclusions, bibliograffa e anexos opcionais |

### 6.2. Contidos

A materia organízase en dous bloques:

A) 0 primeiro aborda as caracterfsticas esenciais da ciencia, tales como a sua historia, a me- todoloxfa, as escolas, a vision actual, etc.

**B)** 0 segundo trata de aproximar ao alumnado a investigación musicolóxica introducindo os metodos de investigaci6n, documentaci6n e edición, e considerando a sua funcionalidade en relaci6n coa practica interpretativa.

Estes dous grandes apartados de contidos non deben ser entendidos como indepen- dentes, sen6n que interaccionan na programaci6n de aula, tal e como se contempla na pre- sente proposta.

A continuación aparece desglosada a secuenciación das unidades didacticas ó longo do curso por trimestres:

**PRIMEIRO TRIMESTRE**

| Teorfa | Practica: traballo de investigaci6n |
| --- | --- |
| UD 1: Presentaci6n da materia: A musicoloxfa: concepto, fontes e metodoloxfa na Historia da Musica. | - Busca e definici6n do tema, obxectivos iniciais, hip6tesis<br>- Elaboraci6n de estado da cuesti6n sobre o tema elixido: bibliograffa sobre o tema<br>- Localizaci6n e breve descrici6n das fontes musicais e documentais |
| UD 2: Campos de investigaci6n da musicoloxfa. Historia da musicoloxfa: antecedentes hist6ricos, nacemento da disciplina, escolas e enfoques actuais. | |
| UD 3: A investigaci6n da musica tradicional. A etnomusicoloxfa. | |

**SEGUNDO TRIMESTRE**

| Teorfa | Practica: traballo de investigaci6n |
| --- | --- |
| UD 4: As fontes. Conceptos basicos: as fontes e os seus diversos tipos. Conservaci6n das fontes.Tipos e sistemas de catalogaci6n. Os procesos de catalogaci6n: normativa empregada e siglas internacionais. Analise de fontes: iconograffa, interpretaci6n e partitura. | - Catalogaci6n, descrici6n e analise das fontes directas (musicais e documentais)<br>- Lectura e resumo dos principias tftulos de bibliograffa<br>- Entrega dos modelos de fichas bibliograficas e documentais<br>- Elaboraci6n dun borrador de investigaci6n no que se plasmen carencias e problemas<br>- Acotar e delimitar obxectivos |
| UD 5:- Divulgaci6n das fontes. 0 papel da documentaci6n musical e a figura do documentalista. Os centros de documentaci6n musical e os repertorios de documentaci6n. Criterios de catalogaci6n e descrici6n bibliograficas (RISM, RILM, RIDIM,... ). Ultimas tendencias en informaci6n e documentaci6n musicais. | |
| UD 6: Edici6ns crfticas: musica, textos te6ricos, iconograffa. Do arquivo ea biblioteca a gravaci6n. | |

| TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| Teorfa | Practica: entrega final e exposicion oral |
| UD 7: Fontes, patrimonio e internet. As novas tecnoloxfas e a investigacion musical. Variedade de recursos musicais na rede. Bases de datos de interese musicoloxico. Revistas on line. Paxinas web de arquivos, bibliotecas e institucions relacionadas co patrimonio musical. | 0 traballo escrito final constara como mfnimo dos seguintes apartados: introducion, corpus do traballo en capftulos, conclusions, bibliograffa e anexos opcionais (fotograffas, documentos, esquemas... ) (Maximo 30 folios) |
| UD 8: Planificacion e realizacion de traballos practicos e comentarios de textos e audicions relacionados coa materia. | |
| UD 9: Conclusions. A musicoloxfa como metodo cientffico. Aspectos mais relevantes. | |

## 6.3.Avaliación.

### Criterios de avaliación.

| Criterio | Xustificaci6n |
|---|---|
| **1° trimestre** | |
